

TAREFA 1 – STEAM

S BRE R DAS

1º TRIMESTRE

3º e 4º de Educación Primaria

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	SOBRE RODAS		
ETAPA:	Ed. Primaria	NIVEL:	2º ciclo (3º e 4º de Ed. Primaria)
ÁREAS:	Proxecto Competencial, CCNN, M, LC, LG, EPV	PROFESORADO:	Ana Flores González

DESCRIPCIÓN:

“Sobre rodas” é unha tarefa que abarca todo o curso en todos os niveis educativos do ámbito STEAM que ten 3 obxectivos principais:

- Converter ó alumnado en pequenos e pequenas expertas no coñecemento de máquinas simples e complexas, e así poder crear unha carrilana.
- Organizar un encontro de carrilanas en Tui no marco do IV Congreso EducODS #Axenda 2030.
- Poñer en valor a tradición e a cultura galega.

A tarefa organízase en tres fases, unha para cada trimestre:

- No primeiro trimestre imos afondar na orixe das carrilanas achegándonos a outro tempo e outros escenarios da infancia (a posguerra da Guerra Civil Española). Indagaremos tamén na mecánica destes vehículos que non sería posible sen a existencia das primeiras máquinas simples, a rampla e a roda, entre outras. Estudaremos a relación das forzas esenciais que interactúan nestas máquinas e, para finalizar, construiremos posibles modelos a tamaño reducido das futuras carrilanas. Estas maquetas de carrilanas a tamaño reducido serán o produto final desta primeira fase.
- No segundo trimestre, coa axuda da comunidade educativa, buscaremos os materiais precisos para levar a cabo a construción a tamaño real dos nosos vehículos sostibles. Recordaremos as partes esenciais para que as carrilanas sexan viables, buscaremos ou construiremos as pezas máis axeitadas ás nosas necesidades e montaremos as carrilanas.
- Por último, no terceiro trimestre traballaremos na difusión e organización do noso evento que se celebrará no marco do IV Congreso EDUCODS.

XUSTIFICACIÓN:

Esta tarefa xorde do interese por unha manifestación cultural que podemos atopar en diversas vilas da nosa comunidade, as carreiras de carrilanas.

A orixe destes xoguetes, froito da creatividade derivada da falta de recursos da posguerra, retoma hoxe o seu sentido máis profundo. Trataremos de facer consciente ao alumnado da necesidade actual de divertirse aproveitando o que xa temos, creando cousas con imaxinación, e afastándonos do consumo desmedido en favor do consumo responsable.

Ademais, fainos conscientes da necesidade de reutilización de materiais como unha prioridade, sen esquecer a dimensión social de crear espazos de convivencia comúns onde poder compartir experiencias que enriquezan a nosa comunidade, poñendo en valor a tradición que nos une como pobo.

A tarefa promove o traballo dos ODS: ODS 7 (coñecer as enerxías limpas e tomar conciencia da súa importancia), 11 (Investigar vehículos non contaminantes para crear cidades sostibles), 12 (Necesidade de aproveitar os recursos e consumilos de xeito responsable), 13 (reducir o consumo e polo tanto a contaminación e reutilizar os recursos son accións favorables que repercuten de xeito directamente sobre o clima), 17 (crear espazos de comunicación e intercambio de experiencias e ofrecer alternativas sostibles á comunidade).



CONTEXTO:

Esta tarefa desenvólvese de forma coordinada no ámbito STEAM desde 4º de EI ata 6º de Educación Primaria, adaptando os contidos e actividades aos intereses, ás necesidades, ás motivacións e ao currículo de cada nivel. Neste caso concreto, expónse a tarefa de 3º e 4º de Ed. Primaria (grupos mixtos).

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	AVALIACIÓN	
		Procedemento	Instrumento
SESIÓN 1. MARCO TEÓRICO			
<p>Círculo proactivo. Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Pregunta:</u> se foras un xoguetes, cal serías e por que?</p>	<p>LC 4º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. LC 3º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.</p> <p>LG 4º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.</p>	Observación directa	Rúbrica
<p>Caderno de equipo: establecer os <i>cargos</i> e repasar as súas funcións.</p>	<p>CCNN 4º - CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia. CCNN 3º - CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.</p> <p>M 4º - CA2.1/CA3.1/CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. M 3º - CA2.1/CA3.1/CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando</p>	Autoavaliación: análise do caderno de equipo	Caderno de equipo + Rúbrica

	estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		
Presentación da tarefa. Presentar a tarefa a través do panel SCRUM (anexo 1) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.	<p>PC 4º - CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. PC 3º - CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p> <p>PC 4º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. PC 3º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p>PC 4º - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. PC 3º - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <p>PC 4º - CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. PC 3º - CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.</p> <p>PC 4º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. PC 3º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.</p>	Observación directa	Rúbrica
Panel de aprendizaxe. Presentar a sesión co “panel de aprendizaxe” (anexo 2), no cal se recollerá que e como imos aprender e os aspectos que se van avaliar.	CCNN 4º - CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. CCNN 3º - CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Observación directa + Metacognición ao principio e final de cada sesión	Rúbrica

<p>Tratamento da información a través das estruturas grupo de expertos e lectura compartida.</p> <p>Cada membro do equipo terá un gomet dunha cor diferente. Deberán xuntarse por cores nun grupo de expertos onde terán unha información.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) escoitar a información en formato audio (necesítase unha <i>tablet</i> por equipo) 2) Facer unha lectura compartida sobre a información dada, que estará adecuada ao nivel de lectura e comprensión do grupo de expertos, (anexo 3). 3) Explicar sen papel, entre todos, as conclusións sacadas da información 4) Volver ao equipo base e contarlle ao seu equipo que aprenderon. <p>4 equipos: 4 lecturas con 4 parágrafos (adaptadas ao nivel de cada grupo de expertos)</p>	<p>LC 4º - CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. LC 3º - CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</p> <p>LG 4º - CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. LG 3º - CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</p> <p>LC 4º - CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais. LC 3º - CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.</p> <p>LG 4º - CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais. LG 3º - CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal,</p>	<p>Observación directa + Análise da exposición e explicación</p>	<p>Rúbrica</p>
---	---	--	----------------

	realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.		
Mapa mental. Tras a lectura compartida no grupo de expertos e posta en común nos equipos base, elaborar un mapa mental coas ideas principais concluídas de toda a información.	<p>LC 4º - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante. LG 4º - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.</p> <p>LC 3º - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto. LG 3º - CA3.7. Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.</p>	Observación directa + Análise da produción	Rúbrica + Autoavaliación cunha lista de cotexo cos “criterios de éxito” (base de orientación)
Vídeo “evento de carrilanas”. Cando xa coñecemos a orixe das carrilanas, que son e como se fabrican, ver vídeo de motivación do que será o produto final da tarefa. https://youtu.be/yznDWpuWl6g?feature=shared	LC 4º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais. LG 4º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Observación directa + Preguntas orais	Rúbrica

	<p>LC 3º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. LG 3º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.</p>		
<p>Círculo final: Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos co panel de aprendizaxe os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Círculo: que foi o que máis e o que menos e proposta de mellora individual para a seguinte sesión.</p>	<p>PC 4º - CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. PC 3º - CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa + Metacognición ao principio e final de cada sesión</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>SESIÓN 2. AS MÁQUINAS SIMPLES - EXPERIMENTACIÓN</p>			
<p>Círculo proactivo. Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p>	<p>LC 4º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. LC 3º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>

<p><u>Pregunta:</u> se puideras converterte en outra persoa, quen serías e por que?</p>	<p>LG 4º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.</p>		
<p>Caderno de equipo: tras traballar en equipo na sesión anterior, establecer os obxectivos do equipo e os compromisos individuais.</p>	<p>CCNN 4º - CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia. CCNN 3º - CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.</p> <p>M 4º - CA2.1/CA3.1/CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. M 3º - CA2.1/CA3.1/CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.</p>	<p>Autoavaliación: análise do caderno de equipo</p>	<p>Caderno de equipo + Rúbrica</p>
<p>Presentación dos pasos da tarefa desta sesión a través do panel SCRUM (anexo 1) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.</p>	<p>PC 4º - CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. PC 3º - CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p> <p>PC 4º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. PC 3º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p>PC 4º - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. PC 3º - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>

	<p>PC 4º - CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. PC 3º - CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.</p> <p>PC 4º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. PC 3º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.</p>		
<p>Panel de aprendizaxe. Presentar a sesión co “panel de aprendizaxe” (anexo 2), no cal se recollerá que aprendimos na sesión anterior, que imos aprender nesta, como imos aprender e os aspectos que se van avaliar.</p>	<p>CCNN 4º - CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. CCNN 3º - CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.</p>	<p>Observación directa + Metacognición ao principio e final de cada sesión</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>Vídeos sobre as máquinas simples e complexas: que son, por que e algúns exemplos.</p> <p>https://youtu.be/Ak3M5tFro_I?feature=shared</p> <p>https://youtu.be/aR6NfRBz7ME?feature=shared</p>	<p>LC 4º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais. LG 4º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.</p> <p>LC 3º - CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. LG 3º -</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>

	<p>CA2.1.Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.</p>		
<p>Experimentación. A través da experimentación, comprobar como as máquinas simples nos permiten reducir esforzos e multiplicar resultados. Catro equipos, catro experimentos rotativos:</p> <p>1) A panca:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Poñemos os libros, apilados, no borde da mesa e intentamos levantalos utilizando un dedo ou as mans. • Despois, colocamos os libros sobre a vara e intentamos levantalos facendo panca. • Como foi máis doado? Cando fixen máis forza? Cantos libros conseguín levantar co dedo e cantos utilizando a panca? <p>2) A roda:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intentar levar unha caixa pesada chea de cousas desde unha punto do corredor a outra coa nosa forza e cronometrar canto tempo nos leva (<i>tablet</i>). • Despois faremos o mesmo pero utilizando algo con rodas (carro de carga, carretilla...) e volver a cronometrar. Camiñando, sen correr. • Como foi máis doado? Cando fixen máis forza? Como tardo máis? Como podo levar máis cantidade de cousas en menos tempo? 	<p>CCNN 4º - CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación. CCNN 3º - CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.</p> <p>CCNN 4º - CA1.2. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. CCNN 3º - CA1.2. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.</p> <p>CCNN 4º - CA1.3. Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura; realizar observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente. CCNN 3º - CA1.3. Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.</p> <p>CCNN 4º - CA1.4. Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas. CCNN 3º - CA1.4. Comunicar os resultados das</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>

<ul style="list-style-type: none"> • Pensar en que situacións nos axuda a roda. <p>3) A rampla:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Buscar obxectos de diferentes formas, materiais e peso. • Tirar os obxectos sobre un plano cha (no chan) e medir canta distancia recorren. • Tirar os mesmos obxectos pola rampla e observar cal vai máis rápido, cal chega máis lonxe... (podemos medilo) <p>4) O parafuso:</p> <p>Antes de descubrirose o parafuso, as cousas había que unilas con corda.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Probar a unir dúas pezas cun cordel e despois esa mesmas pezas con parafusos • Cal está mellor unido? Cal é máis difícil de separar? Cal une mellor? Que unión é máis resistente? Cal é máis fácil de romper? 	<p>investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.</p>		
<p>Círculo final:</p> <p>Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos co panel de aprendizaxe os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Círculo: que foi o que máis e o que menos e proposta de mellora individual para a seguinte sesión.</p>	<p>PC 4º - CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. PC 3º - CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa + Metacognición ao principio e final de cada sesión</p>	<p>Rúbrica</p>

SESIÓN 3 E 4. CONSTRUCCIÓN DE MAQUETAS, TESTEO E MELLORA			
<p>Círculo proactivo. Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Preguntas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Se houbera un incendio na túa casa, que xoguete salvarías e por que? - Que xoguete regalarías a unha nena ou neno da posguerra? 	<p>LC 4º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. LC 3º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.</p> <p>LG 4º - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.</p>	Observación directa	Rúbrica
<p>Presentación dos pasos da tarefa destas sesións a través do panel SCRUM (anexo I) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.</p>	<p>PC 4º - CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. PC 3º - CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p> <p>PC 4º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. PC 3º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p>PC 4º - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. PC 3º - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	Observación directa	Rúbrica

	<p>PC 4º - CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. PC 3º - CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.</p> <p>PC 4º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. PC 3º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.</p>		
<p>Panel de aprendizaxe. Presentar a sesión co “panel de aprendizaxe” (anexo II), no cal se recollerá que aprendimos na sesión anterior, que imos aprender nesta, como imos aprender e os aspectos que se van avaliar.</p>	<p>CCNN 4º - CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. CCNN 3º - CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.</p>	<p>Observación directa + Metacognición ao principio e final de cada sesión</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>Partes dun xoguete con rodas. En gran grupo, explicaremos as partes básicas e imprescindibles que debe ter un xoguete con rodas para que despois, cando o fagamos en tamaño real, non se rompa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dous pares de rodas, regulares, unidas por un eixe e cun cobertor. - Un chasis resistente, con varas horizontais e verticais. - Unha base para poder sentarnos. - Carrocería - Corda ou guía. <p>(Anexo 4)</p>	<p>PC 4º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. PC 3º - CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p>PC 4º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. PC 3º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.</p> <p>PC 4º - CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. PC 3º - CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>

<p>Construción. Con diferentes materiais, por equipos ou parellas, construír carrilanas en tamaño reducido, respectando as cinco partes básicas que debe ter e seguindo a súa orde de construción: rodas, chasis, base, carrocería e guía. Despois, decoración.</p>	<p>CCNN 4º - CA4.2. Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. CCNN 3º - CA4.2. Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e os materiais adecuados.</p> <p>LC 4º - CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos. LC 3º - CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.</p> <p>LG 4º - CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos. LG 3º - CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a es-coita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.</p>	<p>Observación directa + Análise do produto</p>	<p>Rúbrica + Lista de cotexo cos "criterios de éxito" (base de orientación)</p>
<p>Exposición. Cada equipo ou parella cóntalle aos demais como fixo o seu coche e as súas partes.</p>	<p>CCNN 4º - CA4.3. Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos. CCNN 3º - CA4.3. Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>

<p>Testeo. Baixar á biblioteca e probar os coches, un a un, tirándoos pola rampla. Observar que pasa.</p> <p>Reflexión. Os coches máis pesados, rodan menos. As rodas, se non están moi ben suxeitas, caen. Unhas rodas pequenas nun coche moi grande, non funcionan. Se poñemos unhas rodas máis anchas atrás, o coche é máis estable. Etc.</p>	<p>CCNN 4º - CA3.3. Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos. CCNN 3º - CA3.4. Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.</p> <p>PC 4º - CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. PC 3º - CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	Observación directa	Rúbrica
<p>Mellora dos coches. Tras probar os coches de xoguete creados e reflexionar sobre as melloras, observando e comparando uns cos outros, engadir as melloras concluídas.</p>	<p>PC 4º - CA2.4. Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. PC 4º - CA2.4. Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.</p>	Observación directa	Rúbrica
<p>Caderno de equipo. Cubrir o diario da tarefa.</p>		Autoavaliación: análise do caderno de equipo	Caderno de equipo + Rúbrica
